

MOCIÓN CONXUNTA DOS CATRO GRUPOS DA CORPORACIÓN SOBRE A DOTACIÓN DE FONDOS MUNICIPAIS PARA A RESIDENCIA SAN CARLOS E A AMPLIACIÓN DA REPRESENTACIÓN DA CORPORACIÓN NO PADROADO DA MESMA.

Don **José Luis Ferro Iglesias**, con DNI nº 34980509Q , en calidade de voceiro do Grupo Municipal do PP; don **Francisco Javier Fernández Pulido**, con DNI nº 34608578H, voceiro do Grupo Municipal Celanova Decide; dona **Teresa Barge Dapía**, con DNI nº 76710518K, voceira do Grupo Municipal do PSOE; e don **Leopoldo Rodríguez Puga**, con DNI nº 34944326N, voceiro do Grupo Municipal do BNG, ao abeiro da Lei de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes, presentan para debate e aprobación, se procede, a seguinte Moción sobre a dotación de fondos municipais para a Residencia San Carlos e a ampliación da representación da corporación no Padroado que dirixe o centro, alén da condición do Alcalde como membro nato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pegada da pandemia da covid19 produciu dificultades económicas e desaxustes orzamentarios na Residencia San Carlos de Celanova, que ven arrastrando un déficit que podería rematar co exercicio de 2020 en números vermellos comprometendo a viabilidade futura do centro asistencial.

Podéndose constatar que estas dificultades económicas rebaixan a calidade dos coidados e da atención aos maiores, malia o esforzo do equipo de traballadoras e do actual padroado que rexe a fundación. As propias traballadoras e o padroado teñen identificado as necesidades urxentes de reforzo de persoal e materiais do centro, e esa análise é coincidente coa das propias familias de residentes e as de expertos médicos e xerontólogos.

Tendo en conta que a Alcaldía do Concello de Celanova é membro nato do padroado que rexe a fundación en virtude da doazón que deu orixe ao centro, e que o propio edificio da residencia foi construído nos anos oitenta con axudas públicas deste concello e outros da contorna, esta moción pretende que no actual contexto de crise social e asistencial, que afecta especialmente á poboación maior e compromete a viabilidade dos centros que coidan desta poboación, e á luz das novas esixencias de mellora dos mesmos que imporá o Goberno na nova normalidade, é o momento de que o Concello de Celanova recoñeza e asuma a súa responsabilidade como parte pública da Residencia San Carlos e participe na xestión e no financiamento do centro.

Por todas estas razóns, animamos aos grupos da corporación a impulsar unha solución para a Residencia San Carlos que se apoia nun amplo apoio social, e demandamos do Pleno Municipal os seguintes acordos:

Instar ao Goberno municipal a que:

1. Urxa do Padroado da Residencia San Carlos a que presente unha proposta de subvención en base ao estado das contas de dita entidade (memoria económica dos últimos dous anos na que se xustifiquen ingresos e gastos) para saber en que situación económica se atopa a Residencia San Carlos na actualidade e indicar o fin ao que irá destinado dita subvención, que se plasmará nun convenio entre o Padroado da Residencia San Carlos de Celanova (que deberá ser aprobado en sesión plenaria) e o Concello de Celanova.

2. Exhorte ao padroado da Residencia San Carlos a acordar á maior brevidade posíbel a ampliación dos membros do mesmo que inclúa unha representación das familias de usuarias e usuarios, unha representación das traballadoras e unha representación dos grupos políticos da corporación (alén da que xa ten como membro nato a Alcaldía). A fórmula de participación dos distintos grupos políticos no Padroado será acordada polo pleno municipal atendendo á proporcionalidade do número de concelleiros electos de cada un dos partidos políticos.

3. Propoña o día 26 de xullo (días das anciás e dos anciáns) como día de lembranza ás vítimas da covid19 e ás traballadoras da Residencia San Carlos e que nesa data se celebre un acto institucional con tal fin.

En Celanova, a 18 de setembro de 2020.

Asdo.:

José Luis Ferro Iglesias
voceiro do Grupo Municipal do PP.

Francisco Javier Fernández Pulido
voceiro do Grupo Municipal Celanova Decide.

Teresa Barge Dapía
voceira do Grupo Municipal do PSOE.

Leopoldo Rodríguez Puga
voceiro do Grupo Municipal do BNG.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CELANOVA